






# GUIA PARA A INSCRIPCIÓN DE CANDIDATURAS

7<sup>a</sup> Edición

 (+34) 986 213 790  
 bfa@ceaga.com  
 bfauto.es

 /in/bfa-auto  
 @BFA\_Auto

# ÍNDICE

QUÉ É O BFA .....	3
<b>FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA WEB .....</b>	<b>4</b>
CÓMO PRESENTAR UNHA CANDIDATURA.....	6
CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE INSCRICIÓN .....	9

# QUÉ É O BFA

**Business Factory Auto (BFA)** é unha aceleradora de carácter vertical centrada no sector da automoción e da mobilidade. A iniciativa está liderada por **CEAGA** e **Stellantis**, apoiada pola **Xunta de Galicia**, o **Consortio da Zona Franca de Vigo** e as empresas de compoñentes do sector de automoción de Galicia.

O programa conta con 2 fases cuxa diferenza radica no grao de madurez dos proxectos. Poderán optar á **fase de aceleración**, cunha duración de ata 9 meses, proxectos que estean nunha etapa inicial e que necesitan desenvolver e validar o seu produto ou servizo no sector de automoción. Se o proxecto ten o seu produto ou servizo definido e vendas reais, podería optar á **fase de consolidación** que tería unha duración de ata 12 meses.

O proceso para a inscrición de proxectos para a séptima edición do programa estará aberto do 20 de abril de 2023 ata as 14:00 hrs. ( CEST) do 28 de xuño de 2023. O proceso de selección finalizará o 11 de setembro de 2023 coa publicación dos proxectos seleccionados. O Business Factory Auto resérvase o dereito de acurtar ou prorrogar este prazo mediante anuncio que se publicará na páxina [www.bfauto.es](http://www.bfauto.es), sendo as datas finais e válidas as que figuren na devandita páxina web.

Os proxectos interesados en participar na presente convocatoria deberán cumprimentar o formulario de inscrición dispoñible na páxina do BFA [www.bfauto.es](http://www.bfauto.es) no prazo que se indica no calendario. Unha vez validada a inscrición, xa non se poderá modificar. Para avaliar a todos aqueles proxectos que cumpran cos termos e condicións das presentes bases, tan só terase en conta a información facilitada no formulario. Unha vez estudada a candidatura, o BFA resérvase o dereito de solicitar máis información aos proxectos se o considera necesario.

O formulario de inscrición debe ir acompañado dun vídeo dos promotores do proxecto onde expliquen a súa candidatura nun tempo non superior a 4 minutos. O obxectivo do vídeo é entender o proxecto, coñecer o equipo, saber cal é a proposta de valor, que elementos diferencian dos seus competidores, cales son os principais fitos alcanzados, os próximos pasos ou medios que serán necesarios para a súa posta en marcha. En resumo, toda a información que consideren necesaria para entender mellor o proxecto. Ademais, é posible achegar outros arquivos que poden proporcionar información adicional (presentacións, casos, etc.).

# FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA WEB

Para coñecer a túa candidatura necesitamos que cumprimentedes o formulario de inscrición que atoparedes na nosa páxina web [www.bfauto.es](http://www.bfauto.es)

Teredes que crear un usuario facendo clic no apartado **Login/Rexistro** para poder acceder á plataforma. A continuación, o usuario recibirá un correo electrónico cun link ao que deberá acceder para verificar a súa conta e completar o rexistro. A partir dese momento, o usuario poderá acceder a súa conta a través da web de BFA introducindo os seus datos de acceso. Hai que ter en conta que este correo pode ser recibido no cartafol de *Spam*.

No mesmo apartado de **Login/Rexistro** está dispoñible o botón *Esqueciches o teu contrasinal?*, que permite ao usuario restablecer o seu contrasinal en caso de perda ou esquecemento. O usuario debe introducir o seu nome de usuario ou correo electrónico e automaticamente recibirá un correo cun link, a través do cal poderá restablecer o seu contrasinal.

Acceder a BFA

**Xa son usuario**

Nome de usuario ou email

Contrasinal

Recórdame a próxima vez

Acceder

[Esqueciches o teu contrasinal?](#)

**Quero ser usuario**  
Podes [crear un conta.](#)

Unha vez accedemos á plataforma atopámonos coa seguinte pantalla, no panel de control situado no lateral esquerdo temos as diferentes funcionalidades.



Facendo clic **sobre a imaxe do usuario**, accedemos ao perfil do usuario onde poderemos modificar os datos do participante. Ademais, temos as distintas seccións coas que traballaremos mentres presentamos a nosa candidatura:

## Inicio

Espazo no que o usuario pode visualizar de maneira sinxela o proxecto ou proxectos creados.

## Proxectos

Apartado no que o usuario pode ver de forma máis detallada o proxecto ou os proxectos creados. Nesta sección poderá visualizar en que estado atópase o proxecto:

**Novo:** o *propietario* acaba de crear un proxecto, aínda non cubriu o formulario e non validou ou confirmou a inscrición do proxecto. Neste estado o proxecto non entrará na fase de selección, por tanto, descartarase.

**Bosquexo:** o *propietario* empezou a cubrir o formulario de inscrición ou o finalizou, pero non o validou. Neste estado o proxecto non entrará na fase de selección, por tanto, descartarase.

**Inscrito:** o *propietario* validou o formulario de inscrición. Unha vez validado o formulario non se poderá facer modificacións e pasa á fase de selección.

## Crear proxecto

Apartado destinado á creación de novos proxectos e onde o candidato debe cubrir o cuestionario de inscrición.

# CÓMO PRESENTAR UNHA CANDIDATURA

O formulario de inscrición só pode ser cumprimentado e validado por un usuario ao cal denominaremos como “Propietario”.

O *Propietario* terá que realizar as seguintes tarefas para a correcta inscrición da súa candidatura: creación do proxecto, incorporación dos membros do equipo e cumprimentación do formulario de inscrición.

A figura do “Propietario” poderá ser transferible, isto quere dicir que o *propietario* do proxecto poderá deixar de selo e nomear a outro membro do proxecto como “propietario”.

Se accedemos á sección “*Crear proxecto*” apareceranos a seguinte pantalla na que teremos que completar a información básica do proxecto que se lle solicita: nome do proxecto, descrición, correo electrónico, etc. Unha vez gardada esta información, o estado do proxecto será “novo”.

The screenshot shows the 'Crear Proxecto' (Create Project) form in Galician. The interface includes a sidebar with the user's profile and navigation options. The main form is divided into three main sections:

- DATOS DO PROXECTO:** Fields for 'Nome \*' (Name), 'Fase a que opta \*' (Phase), 'Teléfono \*' (Phone), 'Email \*', 'Idioma \*' (Language), 'Descrición \*' (Description), and 'Resumo \*' (Summary).
- ENGADIR IMAXE:** An image upload section with a 'Seleccionar imaxe' button.
- PARTICIPACIÓN DO ADMINISTRADOR DO PROXECTO:** Fields for 'Rol \*' (Role) and 'Implicación \*' (Implication).

At the bottom right, there are 'Cancelar' and 'Gardar' buttons. The footer of the page reads 'BFA - Business Factory Auto.'

A partir deste intre o propietario poderá incorporar/eliminar membros ao equipo, nomear a outro membro como propietario e cumprimentar o formulario de inscrición.


## Incorporar membros ó equipo

Tódalas persoas que forman parte do equipo xestor do proxecto deben estar rexistradas. Para iso, unha vez creado o proxecto, o propietario ten que facer clic sobre o proxecto e na parte superior dereita da pantalla aparecerá unha pestana denominada “Engadir membro”, facer clic nela e cubrir os campos de e-mail, implicación (a tempo parcial ou completo) e rol (xerente, responsable técnico, responsable comercial, administración ou outro cargo que o propietario considere oportuno, trátase dun campo editable). Automaticamente reenviarase un e-mail de validación de conta ao membro invitado, este fará clic sobre o link e introducirá un nome de usuario e contrasinal.



Mentres o membro do equipo non acepte a invitación, o seu estado permanecerá como “pendente de aceptar invitación” e polo tanto non se contabilizará como membro do proxecto:

Unha vez aceptada a invitación, baixo o nome do membro do equipo, aparecerá o cargo que ostenta dentro do proxecto. O propietario e todos os membros do equipo poderán visualizar a información sobre os membros rexistrados facendo clic na pestana de “Listado de membros”. Só o propietario poderá eliminar membros do proxecto.



Unha vez convidados todos os membros do equipo xestor, a aplicación incorporará automaticamente no formulario de inscrición todos os datos dispoñibles dos membros do proxecto.

Tanto o propietario como tódolos membros do proxecto terán acceso ao formulario de inscrición dos proxectos dos que formen parte. Só o propietario pode cumprimentar, modificar e validar o formulario.



# CUMPRIMENTAR O FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

Cumprimentada a información básica do proxecto e creados os membros do proxecto, o último paso é completar o formulario de inscrición. Para iso debemos facer clic en **Inscribir proxecto** e responder a todas as cuestións.

Algunhas preguntas están marcadas como obrigatorias (\*), mentres non se cumprimenten eses apartados non se vai a poder validar o formulario.

O proxecto creouse. Agora debe completar o formulario de rexistro para incorporalo a BFA.

**DATOS DO PROXECTO** [Editar] [Versión imprimible]

EDITION Proxecto creado o de de , Última actualización el de de .

Nome: Ejemplo nombre del proyecto

Teléfono:

Email: participante@participante.com

Idioma: Galego

Descripción:

Resumo:

**MEMBROS DO PROXECTO** [Engadir membro]

Participante Propietario

Membro invitado Responsable Técnico

[Listado de membros]

[Cambiar propietario]

**INSCRIPCIÓN DO PROXECTO**

1 Novo — 2 Bosquexo — 3 Inscrito

Encha o formulario agora para completar o rexistro do seu proxecto.

[Registrar proxecto]

O formulario de inscrición consta dun total de 15 preguntas para o programa de aceleración e 16 preguntas para o programa de consolidación. Podemos gardar en borrador todas as veces que consideremos necesario e logo continuar.

As preguntas clasifícanse nos seguintes bloques:

**Xeneral.** Neste apartado é necesario completar datos básicos do proxecto como nome do proxecto, persoa de contacto, teléfono de contacto, e-mail, tipo de proxecto (Startup, One Company spin- out, Several Companies Spin- out ou Spin- off) e unha breve descrición do proxecto.

**Introdución.** Neste apartado é necesario completar datos da sociedade ou empresa, data de constitución e localización. Ademais, debemos incluír un vídeo dunha duración máxima de 4 minutos no que o promotor e/ou equipo explique o seu proxecto (sen engadir imaxes ou postproducción). Hoxe en día podes gravar un vídeo con case todos os terminais móbiles.

**Equipo.** Neste apartado é necesario especificar quen son os promotores e/ou o equipo xestor do proxecto, cal é a súa experiencia na área de aplicación do proxecto, así como

os seus logros profesionais e grao de implicación no proxecto en caso de resultar seleccionados. Se breve e conciso, evita respostas xenéricas, queremos saber se o equipo que está detrás do proxecto adecúase ao mesmo.

Cabe lembrar que, no caso dunha startup, cando falamos de promotores e do equipo xestor serán os mesmos, os accionistas. Se se trata dunha spin out ou spin off os promotores serán a empresa ou o centro de coñecemento e o equipo xestor será o persoal que se dedique ao proxecto e ás actividades contempladas en BFA.

**Proxecto.** Neste apartado debemos realizar unha descrición da proposta en termos de grao de innovación, grao de acelerabilidade, grao de escalabilidade, capacidade para consolidarse e impacto socioeconómico.

Ademais, neste apartado é necesario especificar se o proxecto cobre algunha das temáticas definidas como de interese para as empresas do sector de automoción de Galicia. Pódense marcar unha ou máis opcións segundo as temáticas que poida cubrir ou resolver o proxecto.

**Anexos.** Neste último apartado, podemos achegar documentación referida ao produto, unha presentación da empresa e cartas de recomendación. Todos os arquivos deben estar en formato PDF e ningún deles poderá superar os 30 MB.

Ao final do cuestionario, dispoñedes dun campo aberto no que se poden engadir os comentarios que consideredes oportunos.

### Validación formulario

Soamente cando unha vez cumprimentado todas as preguntas obrigatorias poderá **validar inscrición do proxecto**

The screenshot shows a web form titled "Equipo Xestor". It has the following fields and elements:

- Fields for "Nome" (with a dropdown menu showing "Participante"), "Apelidos", "% Accionariado" (with a dropdown menu showing "%"), "Email", and "Teléfono".
- Fields for "Papel no proxecto" (with a dropdown menu showing "Responsable Comercial"), "Dedicación" (with a dropdown menu showing "A tempo Completo"), and "% Dedicación" (with a dropdown menu showing "%").
- A section titled "Adxuntar CV" with a file upload area and a green button labeled "Seleccionar ficheiro".
- A button labeled "Gardar bosquexo" on the left.
- A button labeled "Valida o rexistro do proxecto" in the center, which is highlighted with a yellow border.
- Buttons labeled "Anterior" and "Seguiente" on the right.

Una vez “validada inscripción do proxecto” ‘ábrese unha nova pantalla para confirmar: “Validar inscripción”.

The screenshot shows a web form titled "Validar inscripción" with a breadcrumb trail "Inicio / Proxectos / Validar inscripción". A red warning box at the top states: "¡IMPORTANTE! Unha vez validada a inscripción non poderás editar os datos nin os membros de un proxecto. Revisa os datos introducidos antes de continuar. ¶". The form is divided into several sections: "Xeral" (with fields for project name, contact person, phone, email, and phase), "Introducción" (with a text area), "Equipo" (with a text area), "Proxecto" (with a text area), and "Anexos" (with a text area). At the bottom right, there are two buttons: "Anterior" and "Validar inscripción", with the latter highlighted in green.

Unha vez se faga click en “validar inscripción” dase por confirmada a candidatura e a partir deste intre non se poderá realizar modificacións nos membros do equipo nin no formulario.

# BFA

